

No IES Agra do Orzán prodúcese a situación citada do artigo 12 da ORDE de 12/03/2013 (DOG nº 53 do 15/03/2013), modificada pola ORDE do 25/01/2017 (DOG nº 22.do 01/02/2017) **o número de prazas para 1º de ESO, (no IES Agra do Orzán), é menor que o número de reservas feitas desde os centros adscritos**. Polo que de acordo principalmente cos artigos 12, 13, 14, 17.1 e 19 da citada Orde, o alumnado dos centros adscritos teñen as seguintes opcións:

- **Renunciar por escrito á reserva solicitada (ANTES DO 1 DE MARZO)**, e presentar a solicitude de admisión (Anexo II ED550B) noutro centro que teña prazas suficientes (do 1 ao 20 de marzo).
- **Presentar solicitude de admisión no IES AGRA DO ORZÁN** (Anexo II - ED550B) na forma e dentro do prazo establecidos nesta Orde (**1 ao 20 de marzo**), e posteriormente (ou xunto coa solicitude) presentar a **documentación xustificativa dos criterios de baremo** no prazo sinalado no artigo 17.1. Ante a posibilidade de que ao final do proceso de admisión, o alumno/a non obteña praza neste centro, pode incluír na mesma solicitude ata 5 centros máis, por orde de preferencia. A presentación da documentación xustificativa do baremo no é obrigatoria, pero de non presentala non obterá puntuación no baremo marcado na solicitude.
- A solicitude de admisión (Anexo II - ED550B), pode obterse dentro do prazo (1 - 20 de marzo) no centro ou <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> e <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/30141>

**Os criterios de prioridade** estableceranse de acordo co **baremo** recollido no artigo 19.1 da (O. 12-3-2013.)


- a) Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro.
- b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade no alumno/a, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado.
- h) Ademais, para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumnado.
- i) Criterios establecidos por cada centro educativo (pertencer a centro adscrito)

En caso de empate aplicaranse os criterios recollidos no artigo 29 da orde.

**Calendario do proceso de admisión:**

<b>Prazo renuncia á praza de reserva (O alumnado que teña presentada a reserva de praza en centro adscrito, deberá comunicar por escrito ao IES Agra do Orzán a súa renuncia no caso de que desexe presentar solicitude de admisión noutro centro)</b>	Antes do 1 marzo
Sorteo letras desempate (10:30 na sala B CEUFP, San Caetano, Santiago de C.)	26 de febreiro
<b>Solicitude de admisión no IES Agra do Orzán</b>	<b>1-20 de marzo</b>
O Instituto estará pechado os días 19 e 20 de marzo (os días non lectivos solo se pode presentar a solicitude en <b>SEDE ELECTRÓNICA</b> da XUNTA ( <a href="https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/">https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/</a> ) para o que deberá dispoñer da CHAVE365 ou CERTIFICADO DIXITAL.	
Prazo para presentar a <b>documentación do baremo</b> (solo para solicitude xa entregadas. As entregadas despois do 21-3-2020 considéranse <u>fora de prazo</u> e comunícanse á Inspección.)	Ata o 3 abril
Listaxe provisional admitidos (consulta da puntuación desagregada só no centro, Art. 30.2)	Antes de 25 abril
Prazo reclamación listaxe provisional ante o consello escolar	5 días hábiles
<b>Listaxe definitiva admitidos</b> (consulta puntuación desagregada, só no centro. A estimación ou desestimación fronte as listaxes provisionais, entenderase realizada a través das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas. Art. 31.1)	Antes de 15 maio
Reclamación listaxe definitiva - RECURSO DE ALZADA ante Xefatura Territ. 1 mes desde listaxe definitiva.	

A Coruña, 21 de febreiro de 2020  
 O director

  
 Diego Taboada Lesta

